A CINSA É O BRANCO MÁIS PURO

[*Jiang hu er nü*, Jia Zhangke, 2018, 138']

Dirección e guión **Jia Zhangke** Fotografía **Eric Gautier** Son **Zhang Yang**
Dirección artística **Liu Weixin** Música **Lim Giong**
Montaxe **Matthieu Laclau, Lin Xudong** Produción **Shozo Ichiyama**
Reparto **Zhao Tao, Liao Fan, Xu Zheng, Casper Liang** Distribución **Golem**

2001. Qiao vive namorada de Bin, capo da mafia local de Datong. Quiao, testemuña do ataque dunha banda rival contra Bin, dispara para defendelo. Por non o delatar, é condenada a cinco anos de cárcere. Tras cumprir a súa pena, Qiao busca a Bin e tenta volver con el, mais el non quere seguila. Dez anos máis tarde, en Datong, Qiao continúa adiante, manténdose fiel aos valores da mafia. Bin, canso da vida, regresa na procura da única persoa que amou.

Jia Zhang-ke (*Máis aló das montañas*, *Un toque de violencia*), un dos directores chineses máis consolidados e celebrados na actualidade, achégase neste seu último traballo ao mundo das bandas criminais chinesas cunha historia de (des)amor que se estende a través de dúas décadas e que acompaña o devir do paradigma socioeconómico da súa China natal no século XXI.

VINDEIRAS SESIÓNS #OUTUBRO #20:30 h

LUNS 12.10.2020 / ***THE BIGAMIST*** (IDA LUPINO, 1953, EE UU, VOSG)

MARTES 13.10.2020 / ***LITTLE JOE*** (JESSICA HAUSNER, 2019, AUSTRIA, VOSE)

MARTES 20.10.2020 / ***ZOMBI CHILD*** (BERTRAND BONELLO, 2019, FRANCIA, VOSE)

LUNS 26.10.2020 / ***SOIS BELLE ET TAIS-TOI*** (DELPHINE SEYRIG, 1981, FRANCIA, VOSG)

MARTES 27.10.2020 / ***SOBRE O INFINITO*** (ROY ANDERSSON, 2019, SUECIA, VOSE)

www.facebook.com/cineclubepontevedra · cineclubepontevedra.blogspot.com.es
twitter.com/CineclubePo · instagram.com/cineclubepontevedra

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

Coa colaboración de:

CONCELLO DE PONTEVEDRA · TEATRO PRINCIPAL Concello de Pontevedra · FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA · AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais · XUNTA DE GALICIA

FS#126
29.10.2020

A CINSA É O BRANCO MÁIS PURO

JIA ZHANGKE

CINECLUBE PONTEVEDRA

JIA ZHANGKE
SOBRE A CINSA É O BRANCO MÁIS PURO (JIANG HU ER NÜ)

Utilicei o título do filme chinés *Jiang hu er nü* (*Fillos e fillas do Jianghu*), o último guión escrito polo gran realizador Fei Mu, que dirixiu numerosos filmes nos anos trinta e corenta. O filme, rodado en 1952 por Zhu Shilin e cuxo título en inglés era *The show must go on* (*O espectáculo ha continuar*), xiraba en torno a un circo ambulante. O meu filme non ten nada que ver con ese tema, mais o título en chinés sempre me pareceu marabilloso. *Er nü* en chinés significa 'fillos e fillas', mais tamén deixa entender 'homes e mulleres que ousan amar e odiar'. Por outra banda, *Jiang hu*, ademais de 'gremio', tamén significa literalmente 'ríos e lagos', mais é moi difícil reproducir o matiz exacto nunha lingua occidental, e conxura un mundo de emocións dramáticas, de auténticos perigos. Ao unir os dous conceptos, o título evoca a persoas capaces de saír de sendeiros trillados que viven cun código moral baseado na bondade e a enemistade, o amor e o odio. O título chinés dío case todo.

A parella protagonista vive nas marxes da sociedade. Sobrevive retando a diario a orde establecida. Non era a miña intención defendelos, senón subliñar o dilema en que se atopan. En certo modo, lémbrame aos primeiros dez anos da miña carreira, cando era moi arriscado expresarme abertamente e falar no cinema das verdades da sociedade. Iso animoume a escribir o guión coma se describise unha viaxe emocional persoal: a miña mocidade perdida e a miña fantasía sobre o futuro. Vivir, amar e ser libre.

A historia comeza en China a principios do século XXI e remata en 2018. Sempre me interesaron as historias cun amplo arco temporal: o tempo ten a chave dos segredos da vida, das historias e das experiencias. Aquí, o *jianghu* refírese aos que non teñen fogar. Na primeira parte do filme, *jianghu* é o conflito entre bandas rivais na cidade de Shanxi. Tamén fai referencia á sensación de crise que atravesa unha xeración anterior fronte á seguinte. Esta historia podería ser un *western*, transcorrer en paisaxes desoladas, frías, con vellas minas abandonadas.

A segunda parte transcorre na zona das Tres Gargantas do río Yangtsé, onde a construción das famosas presas fará que desaparezan cidades enteiras. Primeiro enganarán a Quiao, mais ela non ha tardar en enganar outras persoas, facendo uso da experiencia adquirida no cárcere, para facerse un oco nas marxes da sociedade.

Na terceira parte regresamos a Shanxi, onde o protagonista Bin emprende unha nova viaxe porque precisa recuperar o *jianghu*, o lugar que lle dará vida ao seu drama interior. Tamén é o lugar onde Qiao decide ficar na procura de emocións.

Hai un lugar no filme ao que Qiao nunca vai, Sinkiang, moi ao noroeste de China. Pode que todos teñamos un lugar así, un lugar ao que nunca chegamos, non porque estea demasiado lonxe, senón porque é moi difícil comezar unha nova vida. Custa moito romper cos vencellos emocionais, os afectos, recordos e rutinas que nos impiden alzar o voo. Eses lazos son comparables á gravidade que nos retén neste planeta para que non flotemos cara ao espazo. A gravidade emocional ancóranos nas relacións sociais, imposibilitándonos para que sexamos realmente libres. E cando loitamos por selo, o resultado reflíctese na nosa dignidade.

Teño 48 anos e quixen usar a miña experiencia para contar unha historia de amor que transcorre na China contemporánea, un país que pasou por transformacións tan épicas coma dramáticas. Faime sentir coma se eu mesmo tivese vivido así, e coma se seguise facéndoo.

A mística do *jianghu* é unha parte moi importante da cultura chinesa. Existían moitos grupos secretos á marxe da sociedade na antiga China, que reunían artesáns ou persoas de determinadas zonas. As súas redes ían máis aló das relacións familiares ou de identidade de clan; ofrecíanlles apoio e axuda mutua ás clases sociais máis baixas. O símbolo máis coñecido da cultura *jianghu* é o señor Guan, que representa a lealdade e a rectitude, os dous valores básicos do *jianghu*. Queda claro ao principio do filme, cando o personaxe chamado Jia négase a recoñecer que está en débeda con outro, e Bin obrígalle a confesar a verdade diante da estatua do señor Guan, o seu tótem espiritual. Logo da vitoria comunista en 1949, as sociedades secretas chinesas desapareceron aos poucos. Os personaxes d'*A cinsa é o branco máis puro* non pertencen a bandas tal e como as entendemos hoxe. Comezaron a aparecer co movemento de *reforma e apertura* de finais dos setenta e herdaron o legado de violencia dos anos da Revolución Cultural. Copiaron os filmes de gánsters de Hong Kong dos anos oitenta e non tardaron en desenvolver unha forma moi particular de relacionarse para defenderse, sobrevivir e axudarse mutuamente en medio dos tremendos cambios polos que pasaba o país daquela. O *jianghu* é un mundo de aventuras, de emocións únicas. Sempre me interesaron as historias de amor *jianghu*, onde os personaxes non lle temen ao amor, nin ao odio. Este filme transcorre entre 2001 e 2018, anos de gran turbulencia social. Os valores tradicionais e os costumes cambiaron drasticamente durante eses anos; non obstante, o *jianghu* mantén o seu código de conduta e funciona ao seu xeito. Pode semellar irónico, mais atráeme profundamente, Qiao e Bin nunca casaron. Pode ser cousa do destino, mais tamén simboliza a súa rebelión.

En www.golem.es. Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.